



Resolución de 28 de marzo de 2008, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, pola que se declara a inviabilidade do sometemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Vigo ós tramites previstos no artigo 7 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente

Vista a solicitude do 26 de setembro de 2006, con rexistro de entrada nesta Consellería 19150, feita pola Alcaldesa-Presidenta do concello de Vigo na que solicita a declaración de inviabilidade do sometemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Vigo (en diante PXOM) ós trámites previstos no artigo 7 da Lei 9/2006 do 28 de abril e examinado o documento aprobado provisionalmente o 29 de decembro de 2007, son os seus

1. ANTECEDENTES DE FEITO

1.1. Con data 20 de outubro de 2000 acordouse en Pleno do concello de Vigo proceder á elaboración dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal

1.2. Con data 26 de abril de 2001 acordouse en Pleno do concello de Vigo a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas particulares para a contratación da asistencia técnica para a redacción do PXOM do concello de Vigo.

1.3. Con data 24 de setembro de 2001 acordouse en Pleno do concello de Vigo a adjudicación do concurso para a contratación da consultoría e asistencia técnica de revisión do PXOM de Vigo á entidade mercantil "Consultora Galega SL", asinándose o contrato con data 5 de outubro de 2001.

1.4. Con data 8 de novembro de 2001 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo de Vigo acordou aprobar o programa de traballo do PXOM presentado por Consultora Galega SL con data 31 de outubro de 2001.



1.5. Con data 27 de maio de 2002 o Pleno do concello acordou aprobar o documento de información, análise, diagnose, obxectivos, criterios e primeiras propostas, correspondente ás fases 2ª e 3ª do prego de condicións e programa de traballo.

1.6. Con data 10 de xullo de 2002 foi presentada ó Consello Sectorial de Urbanismo a documentación da fase 4ª (Avance de Planeamento) e con data 29 de xullo de 2002 o Pleno do Concello acordou tomar coñecemento do Avance do PXOM e abrir un trámite de información pública polo prazo de dous meses con publicación de anuncios e remisión de exemplares á Subdelegación do Goberno en Pontevedra, CPTOPV da Xunta de Galicia, e Concellos integrantes da Mancomunidade de Vigo.

1.7. Con data 3 de maio de 2004 a Xunta de Goberno Local acordou remitir á Xunta de Galicia o expediente da revisión do PXOM ós efectos previstos nos artigos. 85.1 e 93.4 da LOUGA.

1.8. Con data 27 de decembro de 2004 a Xunta de Goberno Local de Vigo acordou aprobar a documentación do novo PXOM e remitila ó Pleno para a súa aprobación inicial e con data 30 de decembro de 2004 o Pleno do concello acordou “aprobar inicialmente o novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, na súa última versión de decembro de 2004, ... así como os convenios urbanísticos unidos como Anexo á súa Memoria”, “suspender o outorgamento de licencias urbanísticas en toda a área territorial do municipio de Vigo, nos casos nos que a nova ordenación inicialmente aprobada resultase incompatible coa establecida no planeamento vixente”, “abrir un trámite de información pública polo prazo de dous meses, mediante a publicación de anuncios no DOG e en dous xornais de maior circulación na provincia, neste último caso en dous días consecutivos”, “conceder un trámite de audiencia polo mesmo prazo ós municipios limítrofes, notificándolles individualizadamente este acordo” e “recabar os informes sectoriais e municipais relacionados no Informe do 15/12/2004 do arquitecto xefe e do técnico de administración xeral da oficina de Planeamento obrante no expediente”. Este acordo publicouse no DOG núm. 31 de 15 de febreiro de 2005 e nos xornais "Faro de Vigo", "Atlántico Diario" e "La Voz de Galicia" da mesma data e do día seguinte.

1.9. Con data 19 de maio de 2006 o Pleno municipal acordou aprobar provisionalmente o novo Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo e remitir copia dilixenciada do expediente completo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Urbanismo, da Xunta de Galicia, para a súa aprobación definitiva.



1.10. Con data 4 de agosto de 2006 a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible enviou unha carta ó concello de Vigo, (registro de saída 13.070, de 8 de agosto) no que se informa da entrada en vigor da Lei 9/2006, indicándose que o PXOM do concello de Vigo debería adaptarse aos requirimentos da citada lei.

1.11. Con data 26 de setembro de 2006, a Alcaldesa-Presidenta do concello de Vigo remite escrito ó Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a fin de solicitar a declaración de inviabilidade do sometemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo ós trámites previstos no artigo 7 da Lei 9/2006 do 28 de abril.

1.12. Con data 20 de decembro de 2006, o Director Xeral de Desenvolvemento Sostible remite escrito á Alcaldesa de Vigo, solicitando solvente as deficiencias detectadas na xustificación e información do PXOM.

1.13. Con data 10 de xaneiro de 2007 o Concelleiro-Delegado de Urbanismo remite documentación en resposta á petición da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible.

1.14. Con data 10 de setembro de 2007, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, emite resolución pola que se establecen os requisitos para declarar a inviabilidade do sometemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Vigo ós tramites previstos no artigo 7 da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

1.15. Con data 29 de decembro de 2007, o Pleno municipal acordou aprobar modificacións sobre o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo aprobado provisionalmente con data 19 de maio de 2006.

1.16. Con data 8 de xaneiro de 2008, número de registro 356, ten entrada nesta Dirección Xeral copia do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Vigo a fin de comprobar o cumprimento dos requisitos formulados na resolución de 10 de setembro de 2007 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible.



2. FUNDAMENTOS DE DEREITO

2.1. Segundo o artigo 5.2 da Lei 9/2006, do 28 de abril, o órgano ambiental pertencerá á Administración Autonómica e de conformidade coa súa estrutura orgánica e as súas distribucións de competencias o órgano competente é a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible (artigo 7 do Decreto 597/2006, do 12 de xaneiro).

2.2. O apartado 2 da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2006 posibilita a declaración de inviabilidade de sometemento de determinados Plans ou Programas ós trámites desta lei, caso a caso e de forma motivada.

2.3. Coa entrada en vigor da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia intégrase o procedemento de aprobación dos instrumentos de ordenación do territorio e do planeamento urbanístico coa avaliación estratéxica ambiental atendendo os requirimentos da Directiva europea 42/2001/CE e da Lei 9/2006, do 28 de abril. A Disposición Derrogatoria Única de dita Lei 6/2007 derroga a letra c) do número 1 do artigo 61; o número 4 do artigo 61; o parágrafo segundo do número 3 do artigo 85, e o parágrafo segundo da letra b) do número 1 do artigo 86 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro

Analizado polos servicios técnicos desta Dirección Xeral o PXOM do Concello de Vigo emítense as seguintes

3. CONSIDERACIÓNS

3.1. Sostibilidade e Protección ambiental.

3.1.1. Proxección demográfica e de vivenda e estratexia de ocupación:

A proxección demográfica que considera o PXOM é demasiado ambiciosa tendo en conta a evolución demográfica rexistrada en Vigo nos últimos anos. A prevención dos potenciais riscos asociados a esta sobredimensión da proxección demográfica motivou que a resolución desta Dirección Xeral de 10 de setembro de 2007 solicitara, na súa condición



segunda, que “Dada a elevada superficie de solo urbanizable delimitado non ordenado previsto, e as non xustificadas proxeccións demográficas e de necesidades constructivas, o PXOM de Vigo deberá establecer unha estratexia de ocupación que fixe a orde de prioridade e as condicións temporais e indicadores que se deben observar para a incorporación progresiva de cada ámbito ou sector ó tecido urbano coa finalidade de garantir un grado axeitado de compacidade, un consumo responsable do territorio e un adecuado ritmo de desenvolvemento das infraestruturas e equipamentos”. A tal efecto, o novo documento do PXOM incorpora unha programación temporal e un plan de seguimento da sustentabilidade. Nesta programación detéctase unha concentración da construción planificada no primeiro cuadrienio.

Para evitar riscos sobre a sustentabilidade do concello, o desenvolvemento do PXOM deberá minimizar a posibilidade de situacións de desacoplamento entre a necesidade de vivenda e a súa construción. Así mesmo, o desenvolvemento do PXOM dentro de cada cuadrienio deberá garantir compacidade. En consecuencia, faise necesario que todos os ámbitos sexan sometidos a unha exhaustiva análise que permita controlar a temporalidade e compacidade e afeccións sobre o entorno de cada desenvolvemento. A análise de cada ámbito individual farase a través de procedementos de Avaliación Ambiental tendo en conta o planeamento global no que se insire. Así, todos aqueles ámbitos remitidos a planeamento de desenvolvemento serán sometidos a Avaliación Ambiental Estratéxica de acordo coa Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia e así queda recollido en tódalas fichas do PXOM. E, no caso de aqueles ámbitos nos que o PXOM inclúe ordenación detallada (tanto en solo urbano non consolidado, AOD, como en solo urbanizable, SOD), dado que o seu desenvolvemento se corresponde con proxectos, e polo tanto comprendidos no epígrafe B do grupo 7 do anexo 2 do Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación de Impacto Ambiental de Proxectos, deberán ser tramitados ante a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Pola súa condición de actuacións estratéxicas, tal como se recolle no PXOM, polas características das actuacións previstas (tamaño e ubicación), así como a magnitude e complexidade dos posibles efectos, os AOD e SOD referidos no Anexo I da presente resolución requirirán a Declaración de Impacto Ambiental que terá en conta os condicionantes estratéxicos para a protección da sustentabilidade ambiental recollido no mesmo anexo I.



3.1.2. Mobilidade sustentable:

Gran parte das decisións que se toman no PXOM teñen implicacións directas ou indirectas sobre a mobilidade. Esta, á súa vez, afecta a case que todas as variables ambientais que se analizan neste documento de xeito que unha organización sustentable da mobilidade pode favorecer un aumento da calidade de vida no medio urbano de Vigo, exercendo un efecto positivo sobre o consumo de enerxía, as emisións atmosféricas, o consumo de solo, etc. A mobilidade será considerada con criterios de sustentabilidade nos procedementos de Avaliación Ambiental Estratéxica e Avaliación de Impacto Ambiental aos que se someterán os ámbitos de xestión do planeamento do PXOM.

3.1.3. Hidroloxía:

- Abastecemento de auga:

O concello de Vigo dispón dun servizo municipal de abastecemento de auga. O subministro de auga procede do río Oitavén, do río Zamáns, así como de mananciais e traídas veciñais. A orixe principal da auga abastecida é o encoro de Eiras (río Oitavén), que tamén prové a outros concellos da zona, procedéndose á traída a través dunha conducción duns 27km para proceder á depuración, tratamento, almacenaxe e regulación do abastecemento.

Con data 20 de decembro de 2006, procedeuse a solicitar ó concello información complementaria co fin de garantir o subministro futuro tanto ós novos desenvolvementos como ós concellos que comparten a mesma orixe da auga. Da documentación complementaria presentada polo concello de Vigo, con data 10 de xaneiro de 2007, dedúcese que o subministro de auga parece garantido incluso considerando as correccións por estacionalidade e a poboación prevista a teito de planeamento. En todo caso, resulta necesario condicionar o planeamento de desenvolvemento previsto no PXOM á dispoñibilidade de auga mediante informe favorable de Augas de Galicia. A tal fin, a solicitude desta Dirección Xeral como requisito 3 da citada resolución do 10 de setembro, na que se determina que "As fichas urbanísticas correspondentes ás áreas de planeamento de desenvolvemento deberán reflectir a existencia de garantías tanto do abastecemento de auga potable como da depuración de augas residuais, así como a inexistencia de riscos de inundación, mediante informe favorable



de Augas de Galicia, como condición previa á aprobación dos correspondentes documentos de ordenación”, está incorporada á documentación do PXOM. Así, a Normativa Urbanística do PXOM aprobado provisionalmente o pasado 29 de decembro incorporou un artigo novo co seguinte contido e numeración “Art. 4.0.3. Condicións ambientais de desenvolvemento” que no seu parágrafo 2 recolle “Todos os planeamentos de desenvolvemento de solo urbano non consolidado ou de solo urbanizable requirirán o informe preceptivo de Augas de Galiza, respecto á suficiencia de abastecemento, saneamento e riscos de inundación. O informe será vinculante respecto ao referente a riscos de inundación en canles e zonas hidráulicas que sexan competencia da Administración Autonómica”. Así mesmo incorpórase o seguinte texto en todas as fichas de planeamento: “Requirirase informe favorable de Augas de Galicia sobre garantías de abastecemento de auga potable e depuración de augas residuais”. En todo caso, ante a posibilidade de cambios futuros no patrón de precipitacións e posibles implicacións no subministro de auga á poboación, a súa dispoñibilidade deberá ser analizada caso a caso dentro da perspectiva global de subministro da rexión urbana de Vigo.



- Saneamento:

Na documentación adicional remitida polo concello de Vigo con data 10 de xaneiro de 2007 indícase que as necesidades de depuración poderían cubrirse coa mellora e ampliación da EDAR do Lagares. Na resolución desta Dirección Xeral do pasado 10 de setembro, establecíase que unha vez resolta a situación da nova depuradora de Vigo, a ampliación proposta da depuradora na desembocadura do Lagares debía quedar plenamente recollida no PXOM tendo presente que non podería afectar ós ámbitos de especial protección contiguos (requisito cuarto de antedita resolución). Ó respecto do saneamento, o Estudo de Sostibilidade Ambiental, Impacto Territorial e Paisaxístico (ESAITP) do documento de PXOM aprobado provisionalmente o pasado 29 de decembro recolle na páxina 19, ademais dos cambios realizados para incorporar o requisito terceiro (transcrito no punto anterior), que “A ampliación de dita depuradora queda efectivamente recollida no PXOM e non afecta aos solos rústicos de especial protección contiguos” en cumprimento do requisito cuarto.

Os novos desenvolvementos en solo urbanizable deberán contar con rede separativa, que tamén se deberá ir incorporando progresivamente no solo urbano coa finalidade de reducir o aporte de pluviais ó sistema de depuración.

- Ríos e zonas húmidas:

Existen no termo municipal de Vigo diversos ríos e zonas húmidas que, ademais de contar con ecosistemas asociados de alto valor, teñen unha importancia singular no mantemento do balance hidrolóxico, e en relación coa biodiversidade.

O requisito quinto da resolución desta Dirección Xeral de 10 de setembro pasado establecía que “Calquera obra que se pretenda executar dentro ou sobre o dominio público hidráulico ou na súa zona de policía (100 metros dende o leito) precisará a autorización previa e expresa de Augas de Galicia, sexa cal sexa o tipo de solo no que se atope e así deberá quedar incorporado en tódolos apartados onde corresponda e se incluírá ademais na normativa que acompaña ó PXOM”. O ESAITP informa da incorporación xa existente de tal requisito no parágrafo segundo do artigo 8.2.1. sobre protección da paisaxe natural das Normas Urbanísticas así como a incorporación nas fichas das ordenacións detalladas que teñen



edificaci3ns a menos de 100 metros da canle do Lagares: A-3-30 Cemiterio, A-4-40 Barrios 1, A-4-46 Cataboi, A-4-47 Freixeiro, A-4-48 Pontenova, A-4-49 Lagares, A-4-45 Gandar3n, A-8-39 3lvarez-Cabral, A-3-18 Espedrigada, A-3-223 Fenosa Balaídos e S-30-R Fragosiño, do texto “A ordenaci3n detallada quedar3 condicionada 3 autorizaci3n previa e expresa de Augas de Galicia para calquer obra que se pretenda executar sobre o dominio p3blico hidr3ulico ou na s3a zona de polic3a”. D3bese entender que tal requisito est3ndese a calquera 3mbito no que se cumplan as condici3ns que determinan tal medida de protecci3n.

A impermeabilizaci3n progresiva dunha parte significativa do termo municipal como consecuencia do proceso de urbanizaci3n e a desaparici3n da cuberta vexetal e os usos agrarios tradicionais previsiblemente modificar3n o r3xime natural de escorrent3a. En consecuencia, con obxecto de establecer as medidas preventivas suficientes para evitar situaci3ns de risco, 3 necesario que o planeamento de desenvolvemento previsto no PXOM de Vigo asuma as seguintes prescripci3ns:

- O c3lculo das liñas de m3xima avenida extraordinaria en per3odo de retorno de cincocentos anos, considerar3 a modificaci3n de caudais producida polo m3ximo desenvolvemento do planeamento, as secci3ns representativas das canles e os elementos singulares que afecten 3 capacidade de transporte, (situaci3n respecto 3s sectores urbanos, usos susceptibles de ser afectados, etc.). A delimitaci3n das zonas descritas representarase nun plano a escala adecuada e ter3n reflexo na ordenaci3n como solo r3stico de protecci3n das augas.
- Naqueles puntos para os que exista risco de inundaci3n, que por atoparse dentro dos n3cleos non proceda a s3a clasificaci3n como solo r3stico, deber3n tomarse as medidas preventivas necesarias, como obras de paso, estabilizaci3n e revexetaci3n de noiros, etc., que quedar3n expresamente reflectidas nas correspondentes normativas dos planes de desenvolvemento.
- A normativa do plan deber3 recoller medidas encamiñadas a conservar, restaurar e manter as canles do termo municipal do xeito m3is natural posible, evitando calquera tipo de canalizaci3n ou regularizaci3n do trazado, as3 como as actividades que deterioren o dominio p3blico hidr3ulico.



3.1.4. Residuos.

O PXOM do concello de Vigo envía os residuos sólidos urbanos (RSU) a SOGAMA e prevé a creación de oito puntos limpos situados en polígonos industriais ou actuacións urbanísticas importantes. Os desenvolvementos urbanísticos futuros deberán ter en conta as capacidades dos sistemas e infraestructuras dispoñibles de modo que se manteña a xestión dos RSU conforme a lexislación vixente procurando evitar os vertidos e os impactos no medio.

Outro tipo de residuos (agrarios, industriais, perigosos, inertes...) deberán ser xestionados conforme a lexislación vixente procurando evitar os vertidos e os impactos no medio.

3.1.5. Natureza.

O concello de Vigo conta cun espazo catalogado dentro da Rede Galega de Espazos Protexidos (Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza e decreto 72/2004 de desenvolvemento da lei). As Illas Cíes, correspondentes ó termo municipal de Vigo, forman parte fundamental do Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia (BOE nº 157 de 2 de xullo de 2002). Ademais, ese arquipélago correspóndese co Lugar de Interese Comunitaria (LIC) ES0000001 e a Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA) ES0000001, pasando a formar parte da Rede Natura 2000 e, consecuentemente, resultando catalogado como zona de especial protección dos valores naturais (ZEPVN) e clasificado no plan como solo rústico de protección de espazos naturais (SRPEN). Non se detectan afeccións a estes espazos de especial interese natural derivadas do PXOM.

Atendendo ó requisito sétimo da resolución desta Dirección Xeral do pasado 10 de setembro o ESAITP do PXOM aprobado provisionalmente o pasado 29 de decembro recolle na súa páxina 21 que "Os espazos de alto valor ambiental e o que consideramos espazos de amortiguamento están clasificados como SRPEN". Ante os problemas de clasificación da Xunqueira Lagares, o novo documento opta pola dobre categorización disposta no artigo 32, 2 apartado I.3 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, polo que suma a de SRPEN á xa existente de Solo Rústico de Especial Protección de Costas. En tal sentido, compre lembrar que o informe emitido pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza (Consellería de Medio Ambiente) referido exclusivamente á clasificación dos espazos naturais protexidos pola lexislación sectorial nas Illas Cíes foi favorable.



3.1.6. Espazos libres e zonas verdes

Tal e como o PXOM pon de manifesto, a cidade de Vigo carece na actualidade dun sistema de espazos libres e zonas verdes suficientes para alcanzar os estándares mínimos esixibles. O acceso a zonas verdes é un dos factores principais asociados coa calidade de vida dos cidadáns e a integración social. Por iso, o documento reconece como un dos grandes desafíos do planeamento, corrixir esta grave carencia no enclave urbano. Para iso o PXOM propón a creación dunha rede xeral de espazos libres e zonas verdes, cuxos elementos principais, ademais dos parques xa existentes en solo urbano, son diversos espazos correspondentes coas canles fluviais, borde litoral, xunqueira do Bao, coroa de parques forestais periféricos, A Madroa, Parque Botánico e Monte da Serra.

O total das zonas verdes e espazos libres incluídos dentro da rede de sistemas xerais alcanza, segundo o PXOM que se está a tramitar, as 625ha, o que supón o 6% do territorio municipal. Delas, 62.65ha corresponden ás zonas verdes e espazos libres xa existentes no planeamento vixente e as 562.35ha. restantes ós novos espazos propostos.

Segundo se xustifica expresamente no documento, o eixe do Lagares proxéctase coma un gran parque fluvial urbano onde se pretende intervir para facer compatible a recuperación ambiental e o lecer público. En xeral, coa inclusión de superficies de alto valor ambiental (como a xunqueira do Bao, o complexo dunar de Samil, a fronte marítima ou montes periurbanos) dentro dos sistemas xerais, preténdese a rexeneración ambiental, a recuperación dos ecosistemas, a súa integración no medio e a mellora da calidade paisaxística. Todo iso, facéndoo compatible co seu uso como espazos de ocio para a poboación. A este respecto, procede facer as seguintes consideracións:

- A clasificación como solo rústico de algúns dos espazos incluídos na rede xeral de espazos libres xustifícase por presentar relevantes valores naturais, ambientais ou paisaxísticos, aténdose así ó regulado no artigo 15 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. Trátase de espazos cuxo valor vese acrecentado polo feito de atoparse nun entorno fortemente antropizado. A súa ocupación como espazos públicos para lecer dificilmente vai supoñer unha oportunidade de recuperación e mellora, como se defende no punto 3.9.2 do Estudo de Sostibilidade Ambiental, Impacto territorial e Paisaxístico. Moi pola contra, a preservación da calidade dos ecosistemas, os seus



valores naturais e a biodiversidade, pasa pola súa preservación da presión urbanística do entorno. A intervención nestes casos debería ser a rexeneración e recuperación, non sendo admisible a súa incorporación ós sistemas xerais como zona de lecer vinculada ós usos residenciais do seu entorno.

- Tal e como especifica o artigo 32.4 da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sen prexuízo de que se manteñan dentro da rede de sistemas xerais os espazos clasificados como solo rústico para a protección dos seus valores naturais propostos no PXOM, non se poderá ter en conta a súa superficie a efectos de cómputo de edificabilidade nin densidade.
- Asegurarase a delimitación e tratamento das zonas verdes e espazos libres como áreas de ocio, diferenciándoas dos espazos de outro carácter, e en especial, dos elementos lineais de protección de infraestructuras. En calquera caso, soamente se poderán cualificar como zonas verdes aquelas que se atopen en zonas de sensibilidade acústica tipo II, levemente ruidosas, segundo o establecido na lexislación sectorial.

Estas consideracións quedaban resumidas no requisito oitavo da resolución desta Dirección Xeral de 10 de setembro pasado, no que se determina que “8. O PXOM de Vigo inclúe diversas superficies de alto valor ambiental dentro dos sistemas xerais. Sen prexuízo de que se manteñan dentro dos sistemas xerais os espazos clasificados como solo rústico para a protección de espazos naturais propostos no plan, non se poderán promover transformacións e usos destes espazos que podan minguar os seus valores de conservación. Este requisito quedará recollido nos artigos correspondentes ao SPREN na normativa do PXOM”. Para dar cumprimento a este punto introduciuse un novo artigo nas Normas Urbanísticas do PXOM aprobado provisionalmente o pasado 29 de decembro coa seguinte numeración e contido “Art. 12.6.4. Condicións especiais dos Sistema Xerais. Nos ámbitos desta clase e categoría de Solo Rústico que están delimitados como Sistemas Xerais de Espazos Libres e Zonas Verdes, a súa transformación para ser adecuados ao uso público non poderá producir de ningunha maneira perdas dos seus valores naturais”. Así mesmo, na ficha do Sistema xeral catalogado como SRPEN da marisma do Bao recóllese nas condicións de desenvolvemento que “O desenvolvemento para a adecuación deste sistema xeral para uso público deberá respectar as condicións do artigo 12.6.4. das Normas Urbanísticas”.



3.1.7. Emisións contaminantes: calidade do aire, servidumes de alta tensión e contaminación acústica.

No desenvolvemento das áreas industriais previstas no PXOM de Vigo deberán tomarse as medidas oportunas para evitar que pola súa posición se instalen industrias xeradoras de emisións contaminantes, garantindo o cumprimento da lexislación sectorial correspondente e evitando as emisións e os impactos no medio. A tramitación do planeamento de desenvolvemento atenderá a que non se produzan superacións dos valores límite.

O PXOM recolle a título informativo e non vinculante o Plan Xeral de infraestruturas eléctricas promovido por Unión FENOSA, aprazando para as fases de desenvolvemento do plan, as decisións finais sobre estas infraestruturas. A tal fin o planeamento de desenvolvemento, así como o desenvolvemento das AOD e dos SOD, deberán considerar os condicionantes estratéxicos establecidos no Anexo I desta resolución.

O requisito sexto da resolución desta Dirección Xeral de 10 de setembro pasado, na que se establecía que “6. Cada un dos documentos de planeamento de desenvolvemento derivados da aplicación do PXOM de Vigo conterán un estudo para a prevención da contaminación acústica e da electromagnética axustado ó seu ámbito de actuación. Este requisito quedará expresamente reflectido nas condicións vinculantes das correspondentes fichas”. A tal fin, no PXOM aprobado provisionalmente o pasado 29 de decembro introdúcese un artigo novo denominado “4.0.3. Condicións ambientais de desenvolvemento” co seguinte parágrafo “3. Todos os planeamentos de desenvolvemento de solo urbano non consolidado ou de solo urbanizable conterán un estudo específico que avalíe a prevención da contaminación acústica, e electromagnética dentro do seu propio ámbito”.

3.1.8. Avaliación da sostibilidade do planeamento de desenvolvemento e planes de seguimento.

No requisito primeiro da resolución desta Dirección Xeral de 10 de setembro pasado, establecíase que “1. Todo o planeamento de desenvolvemento derivado do PXOM de Vigo deberá someterse a avaliación ambiental estratéxica segundo a Lei 9/2006. A tal fin, as fichas correspondentes a cada un dos sectores deberán reflectir a devandita condición vinculante”. Tal requisito foi incorporado no apartado 1 do “artigo 4.0.3. Condicións ambientais de desenvolvemento” das Normas Urbanísticas e en todas as fichas de planeamento incorporouse



o texto “O planeamento de desenvolvemento deberá someterse á avaliación ambiental estratéxica (AAE) segundo a Lei 9/2006, Lei 6/2007 de medidas urxentes e o artigo 4.0.3. das NN.UU. do Plan Xeral, incluíndo a avaliación acústica e electromagnética”.

Así mesmo, na resolución desta Dirección Xeral de 10 de setembro pasado engadíase un último requisito que establecía “9. O Concello de Vigo deberá incorporar ao PXOM un plan de seguimento da sustentabilidade do plan mediante un sistema de indicadores da evolución das seguintes variables aprobadas por unanimidade do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (COGAMADS) o 19 de xaneiro de 2007 dentro do Documento marco de referencia para a Avaliación Ambiental Estratéxica dos Plans Xerais de Ordenación Municipal: actividades económicas, ciclo hídrico, consumo de solo, demografía, emisións contaminantes, enerxía, integración social, medio natural, medio rural, medio urbano, mobilidade, paisaxe, patrimonio, vivenda e xestión de residuos. O órgano ambiental participará no seguimento da evolución do PXOM e poderá recabar información e realizar as comprobacións que considere necesarias para o seguimento dos efectos do planeamento na sustentabilidade. Periodicamente se realizarán informes de seguimento que serán de acceso público”. Para dar cumprimento a esta cuestión introduciuse un artigo novo na Normativa Urbanística do PXOM aprobado provisionalmente a pasado 29 de decembro coa seguinte numeración e contido “Art. 1.0.8. Plan de seguimento de indicadores. O concello realizará o seguimento dos indicadores ambientais segundo se recolle no Plan de seguimento da sustentabilidade contido no Estudio de Sostibilidade Ambiental, Impacto Territorial e Paisaxístico do presente Plan Xeral” e elaborouse un novo capítulo (Capítulo 10) no ESAITP co devandito plan de seguimento da sustentabilidade, que se considera suficiente.

3.2. Participación pública

O Avance de Planeamento do que o Pleno do concello acordou tomar coñecemento o 29 de xullo de 2002 foi posto a información pública durante un período de dous meses con publicación de anuncios, presentándose un total de 3409 suxestións, que foron remitidas ó equipo redactor do PXOM. O prazo oficial da exposición pública do Plan Xeral na fase de Aprobación Inicial abrangueu desde o 15 de febreiro ata o 16 de abril de 2005, sendo anunciado no Diario Oficial de Galicia e en diversos xornais de ampla tirada. Continuáronse



recibindo alegacións ata o mes de decembro, situando a cifra final en 61068 alegacións de diferente temática, das que un 54% foron estimadas parcial ou na súa totalidade.

En canto ós informes sectoriais das diferentes Administracións públicas emitíronse os seguintes informes relacionados con temas ambientais:

- Dirección Xeral de Conservación da Natureza (28 de marzo de 2005).
- Augas de Galicia (26 de maio 2005 e 19 de xuño de 2006).
- Oficina municipal de Medio Ambiente de Vigo (21 de abril de 2006).
- Oficina municipal de Montes, Parques e Xardíns (15 de abril de 2005).
- Dirección General de Costas do Ministerio de Medio Ambiente (11 de xullo de 2006).
- Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia (28 de xuño de 2006 sobre a materia de Costas).
- Portos de Galicia (8 de abril de 2005).

Os concellos lindeiros tamén presentaron Informes.

3.3. Prexuízos económicos e sociais.

Entre os prexuízos máis salientables derivados da posible retroacción das accións no procedemento de aprobación do PXOM de Vigo, segundo expón o propio concello, estarían os derivados do levantamento da suspensión de licenzas como consecuencia da prolongada tramitación do PXOM, ós que se engaden os riscos de perda de patrimonio cultural e histórico en edificacións para as que o novo PXOM establece medidas de protección.

Así mesmo, a retroacción das accións no proceso de aprobación do PXOM provocaría tamén o retraso da execución de proxectos estratéxicos para a cidade de Vigo e para Galicia, como os desenvolvementos industriais vencellados ao sector da automoción e da pesca.



Existen asemade proxectos de recuperación ambiental de determinados espazos do concello e de mellora da calidade de vida dos seus habitantes, configurados ex novo no proxecto do PXOM, que xa non poden agardar máis tempo para ser executados, baixo o risco de que o deterioro ambiental deses ámbitos se faga irreversible.

Por outra banda resulta imperiosa a ampliación das infraestruturas xudiciais da cidade planeada no proxecto Cidade da Xustiza. Porén, para o inicio das obras da Cidade da Xustiza resulta preceptiva a previa aprobación do novo PXOM, no que se proxecta como sistema xeral "EQ-DC/CQ5/1/", afectándose unha superficie de terreo de 20422m² para a ampliación das infraestruturas xudiciais.

Outro tanto ocorre coas infraestruturas básicas da cidade creadas ex novo no proxecto de PXOM, imprescindibles e urxentes para solucionar graves problemas de tráfico e de servizos públicos como a Ronda de Vigo, o túnel de Beiramar ou a nova estación intermodal.

Por outra parte, o Plan Xeral de 1993 actualmente en vigor en Vigo, non está adaptado á normativa urbanística e ambiental vixente, o que xera graves problemas de inseguridade xurídica.

4. RESOLUCIÓN

Unha vez ponderadas e analizadas as circunstancias do PXOM do concello de Vigo, aprobado provisionalmente o 29 de decembro de 2007 no Pleno do Concello, á vista, dos bens xurídicos e intereses públicos que hai que protexer, tendo en conta o proceso de participación pública realizado, os custos económicos e sociais, o nivel de integración que a protección de medio ambiente acada no PXOM, así como que a protección da sustentabilidade do entorno será garantida a través do sometemento a Avaliación Ambiental Estratéxica e/ou no seu caso a Avaliación de Impacto Ambiental dos futuros trámites sobre os ámbitos de desenvolvemento deste PXOM, **resolvo:**

Declarar a inviabilidade do sometemento do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo aprobado provisionalmente o 29 de decembro de 2007 no Pleno do Concello, ós tramites previstos no artigo 7 da Lei 9/2006, do 28 de abril.



Notifíquese a presente resolución ao Concello de Vigo.

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2008

O Director Xeral de Desenvolvemento Sostible

Asdo.: Emilio Manuel Fernández Suárez



Anexo I. Condicionantes estratéxicos para a protección da sustentabilidade ambiental do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Vigo

Esta resolución refírese exclusivamente ás actuacións recollidas no documento titulado “Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, documento para aprobación definitiva”, segundo a documentación recibida na Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible o 8 de xaneiro de 2008.

Os condicionantes estratéxicos do presente anexo establécense para a súa consideración no proceso de Avaliación de Impacto Ambiental dos proxectos derivados do desenvolvemento das áreas con ordenación detallada (AOD) do solo urbano non consolidado e dos sectores con ordenación detallada (SOD) de solo urbanizable que se enumeran a continuación e que, segundo o disposto na presente resolución, se teñen que someter a dito procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental (AIA) ao abeiro do Real Decreto Lexislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Avaliación Ambiental de Proxectos.

A verificación da consideración e integración destes condicionantes estratéxicos nos proxectos avaliados será vinculante para a resultante Declaración de Impacto Ambiental.

Enumeración das AOD e dos SOD que se deben someter ao procedemento de Avaliación de Impacto Ambiental (AIA), segundo o disposto na presente resolución

CÓDIGO AOD/SOD	DENOMINACIÓN AOD/SOD
A-3-10	ESTURÁNS
A-3-12	TOMAS ALONSO 1
A-3-13	TOMAS ALONSO 2
A-3-14	CHOUZO
A-3-18	ESPEDRIGADA
A-4-13	PASTORA CARMEN
A-4-25	MANTELAS
A-4-33	RIOBO
A-4-34	SALGUEIRA
A-4-40	BARRIOS 1
A-4-41	BARRIOS 2
A-4-46	CATABOI
A-4-47	FREIXEIRO
A-4-48	PONTENOVA
A-4-49	LAGARES
A-4-28	CEBOLEIRAS
A-4-36	ESTACIÓN CARCERE
A-4-37	OFIMÁTICO
A-4-45	GANDARÓN
A-5-11	CORBAL 1
A-5-12	CORBAL 2
A-5-16	GUIXAR
A-5-17	P. SAAVEDRA



CÓDIGO AOD/SOD	DENOMINACIÓN AOD/SOD
A-5-39	VÍA NORTE
A-5-41	BEIRAS
A-5-47	ESTACIÓN INTERMODAL
A-4-04	BEIRAMAR
S-14-R	FONTES PERTEGUEIRAS
A-2-29	PISTA
A-2-36	SAMIL
A-1-01	CANIDO PRAIA
A-1-07	IGREXA OIA
A-3-30	CEMITERIO
A-3-46	CARBALLA
A-4-06	PRAZA DE ESPAÑA
A-4-29	SANTA CRISTINA
A-4-74	SEARA
S-03-R	TRONCAL
S-30-R	FRAGOSIÑO
S-64-D	EIRAVELLA

Para o establecemento dos condicionantes estratéxicos dos proxectos correspondentes ao desenvolvemento destes AOD e SOD, procedeuse á súa agrupación en función da natureza dos seus posibles efectos sobre o medio.

Grupo 1: AOD e SOD cuxos proxectos de desenvolvemento producirán efectos de magnitude e complexidade, polo seu tamaño e carácter acumulativo, e/ou polas súas afeccións sobre a variable de mobilidade e/ou sobre áreas sensibles.

Este grupo incluíría as AOD e os SOD que o concello de Vigo integrou no que denominou “*actuacións estratéxicas*” para o desenvolvemento do propio PXOM, que se caracterizan principalmente polo carácter acumulativo dos seus proxectos e/ou polos seus efectos sobre a mobilidade municipal e/ou sobre áreas sensibles; xunto con outras actuacións unitarias con efectos sobre a mobilidade.

A continuación enuméranse as AOD e os SOD integrados neste grupo 1.

	CÓDIGO AOD/SOD	DENOMINACIÓN AOD/SOD	
ACTUACIÓN ESTRATÉXICAS	COIA-BEIRAMAR	A-3-10	ESTURÁNS
		A-3-12	TOMAS ALONSO 1
		A-3-13	TOMAS ALONSO 2
		A-3-14	CHOUZO
	GRAN VÍA-LAGARES	A-3-18	ESPEDRIGADA
		A-4-13	PASTORA CARMEN
		A-4-25	MANTELAS
		A-4-33	RIOBÓ
		A-4-34	SALGUEIRA
		A-4-40	BARRIOS 1
		A-4-41	BARRIOS 2
		A-4-46	CATABOI
		A-4-47	FREIXEIRO



	CÓDIGO AOD/SOD	DENOMINACIÓN AOD/SOD
PERI CALVARIO	A-4-48	PONTENOVA
	A-4-49	LAGARES
	A-4-28	CEBOLEIRAS
	A-4-36	ESTACIÓN CÁRCERE
	A-4-37	OFIMÁTICO
BORDE LITORAL DE TEIS	A-4-45	GANDARÓN
	A-5-11	CORBAL 1
	A-5-12	CORBAL 2
	A-5-16	GUIXAR
ESTACIÓN INTERMODAL	A-5-17	P. SAAVEDRA
	A-5-39	VÍA NORTE
	A-5-41	BEIRAS
BORDE PORTUARIO	A-5-47	ESTACIÓN INTERMODAL
	A-4-04	BEIRAMAR
FONTES-PERTEGUEIRAS	S-14-R	FONTES-PERTEGUEIRAS
	A-2-29	PISTA
	A-2-36	SAMIL
ACTUACIÓNS UNITARIAS	A-4-06	PRAZA DE ESPAÑA
	A-4-74	SEARA

Grupo 2: AOD e SOD cuxos proxectos de desenvolvemento producirán efectos sobre áreas ou elementos sensibles, debido principalmente ao seu emprazamento.

Integraríanse neste grupo 2 os seguintes AOD e SOD:

CÓDIGO AOD/SOD	DENOMINACIÓN AOD/SOD
A-1-01	CANIDO PRAIA
A-1-07	IGREXA OIA
A-3-30	CEMITERIO
S-30-R	FRAGOSIÑO
S-64-D	EIRAVELLA

Grupo 3: AOD cuxos proxectos de desenvolvemento presentan efectos de magnitude e complexidade debido especialmente ao seu tamaño. Son os seguintes:

CÓDIGO AOD/SOD	DENOMINACIÓN AOD/SOD
A-3-46	CARBALLA
A-4-29	SANTA CRISTINA
S-03	TRONCAL

A continuación preséntanse os condicionantes estratéxicos para cada grupo de actuacións. Co obxectivo de simplificar a súa articulación, previamente foi deseñada unha base común de condicionantes para as actuacións dos tres grupos, a cal se corresponde cos condicionantes establecidos para as actuacións do grupo 3. Así, esta base común sumaríase aos conxuntos de condicionantes estratéxicos específicos establecidos tanto para o grupo 1 como para o grupo 2, figurando todos eles nas páxinas que seguen.



BASE COMÚN DE CONDICIONANTES ESTRATÉXICOS PARA OS GRUPOS 1, 2, 3

1. Paisaxe, natureza e patrimonio cultural

- O proxecto que determine a tipoloxía definitiva das construcións e espazos libres deberá ir acompañado dun estudo da paisaxe urbana na que se insire o ámbito da actuación.
- Levarase a cabo unha análise das posibilidades de recuperación e/ou posta en valor dos elementos patrimoniais do ámbito e da capacidade de xestión en canto a estrutura e funcionalidade se refire, procurando compatibilizar á súa conservación co seu uso e disfrute.
- Os espazos libres constituiranse como unha oportunidade de integración da natureza no medio urbano, de maneira que o seu deseño contemplará a restauración de hábitats naturais coa protección e instauración de especies autóctonas. Así, previamente ós labores de desbroce realizarase unha valoración das especies vexetais existentes para proceder ao transplante das que se consideren de interese.

2. Sociedade

- Realizaranse estudos socioeconómicos que actualicen a diagnose da dinámica poboacional do concello e xustifiquen a demanda de vivendas, incluíndo a de vivenda suxeita a algún tipo de protección.
- Os proxectos de urbanización deseñaran espazos libres de maneira que estes sexan espazos de encontro de calidade (controlando as variables do entorno tal e como se fai no deseño arquitectónico: confort térmico, ruído, contaminación atmosférica, seguridade, etc.) e accesibles, que fomenten a cohesión social, tanto entre os habitantes e usuarios do ámbito que se avalía, como entre estes e os do resto da cidade de Vigo e os seus posibles visitantes.



- As vivendas baixo algún tipo de protección presentarán unha harmonía coas restantes edificacións do ámbito e do seu entorno co obxectivo de contribuír á integración das e dos seus residentes.
- Nos proxectos que correspondan deseñaranse medidas que informen á cidadanía sobre a actuación para unha mellor comprensión da dinámica e finalidade dos seus procesos, a cal axude a minimizar os efectos da desaparición das vivendas existentes.

3. Mobilidade

- Deberase concibir o espazo público como o eixo vertebrador do ámbito, non priorizando o automóbil privado para convertelo nun espazo de encontro, de exercicio, de intercambio e outros múltiples usos.
- No deseño do sistema de comunicación dos ámbitos contemplaranse os espazos para as infraestruturas de modos de mobilidade alternativos ao automóbil privado, como son as opcións peonil, ciclista e de transporte colectivo.

4. Enerxía

- O Código Técnico de Edificación utilizarase como documento de referencia de mínimos para a mellora da eficiencia enerxética das edificacións, debendo priorizar, en todo caso, as solucións de deseño arquitectónico con criterios bioclimáticos sobre as solucións estritamente tecnolóxicas.

5. Atmosfera

- Adoptaranse as medidas que sexan precisas para a redución de todos os tipos de contaminación atmosférica: fisicoquímica, acústica, luminosa ou electromagnética, especialmente das emisións de gases de efecto invernadoiro; e/ou para minimizar os seus efectos. Nesta liña, ao menos:
 - Soterraranse as liñas de alta tensión que afecten aos ámbitos a desenvolver e os centros de transformación existentes ou de nova instalación. En caso de inviabilidade do soterramento, contarase coas



medidas necesarias para evitar os impactos visuais e garantías suplementarias de seguridade.

- Realizarase un estudo específico que avalíe a prevención acústica e electromagnética dentro do propio ámbito.

6. Ciclo hídrico

- Acorde coas densidades e usos previstos e antes da concesión de licencias, deberase garantir a capacidade do sistema de abastecemento, cun estudo que presente a demanda previsible e a capacidade dos recursos e da rede dentro da perspectiva global de subministro da rexión urbana de Vigo.
- No mesmo senso terase que garantir a capacidade do sistema de saneamento para evitar calquera vertido de augas contaminadas ao medio. A rede de saneamento deseñada será de tipo separativa, debendo contemplar como mínimo a liña de pluviais e a liña de augas negras, procurando na medida do posible a instauración da liña de augas grises.
- Estableceranse unhas porcentaxes mínimas de áreas sen impermeabilizar e promoverase a utilización de pavimentos drenantes na urbanización, co obxecto de facilitar a recarga natural do terreo.

7. Ciclos de materiais

- Regularanse as actividades e procesos construtivos para minimizar o impacto do consumo dos materiais, e fomentarse a reutilización e a reciclaxe.
- Preverase unha dotación adecuada de espazos para a recollida, o tratamento e a xestión de residuos.
- Garantirase o incremento da capacidade da recollida e tratamento dos Residuos Sólidos Urbanos para a totalidade do ámbito. Outro tipo de residuos (industriais, perigosos, inertes...) deberán ser xestionados conforme a lexislación vixente procurando evitar os vertidos e impactos no medio.



8. Solo

- Proxectarase o trazado das vías e demais estruturas axustándose á topografía existente para minimizar os posibles movementos de terra.

CONDICIONANTES ESTRATÉXICOS ESPECÍFICOS PARA AS ACTUACIÓNS DO GRUPO 1

Os condicionantes estratéxicos específicos para o grupo 1 que figuran a continuación sumaranse aos establecidos na anterior base común.

A avaliación dos proxectos que desenvolvan ás AOD e aos SOD que se integren nunha mesma actuación estratéxica do PXOM, considerará os efectos da propia actuación no seu conxunto.

Neste senso deberanse avaliar os efectos das accións e actuacións derivadas do desenvolvemento de todos os ámbitos que integren a actuación estratéxica, o cal tradúcese na análise dos efectos tanto das AOD e dos SOD, como dos ámbitos que se desenvolvan con figuras de planeamento remitido.

Para o caso das AOD integradas na actuación estratéxica BORDE LITORAL DE TEIS, ademais:

- A avaliación dos proxectos que desenvolvan estas AOD considerará as afeccións das determinacións do Plan Sectorial de Ordenación Territorial do Campus Científico - Tecnolóxico da cidade do Mar de Vigo, actualmente en proceso de tramitación.

Paisaxe, natureza e patrimonio cultural

Para o caso das AOD integradas nas actuacións estratéxicas GRAN VÍA-LAGARES e PERI CALVARIO:



- O proxecto de urbanización contemplará medidas que compatibilicen o uso e disfrute dos espazos libres asociados a elementos e espazos con valores naturais e ecolóxicos, como é o caso do sistema fluvial do río Lagares, coa conservación de ditos valores e a súa continuidade física e funcional.

Mobilidade

Para o caso das AOD integradas nas actuacións estratéxicas COIA-BEIRAMAR e GRAN VÍA-LAGARES e da actuación unitaria SEARA:

- A centralidade dotacional dos ámbitos leva a súa consideración como focos atractores e xeradores de mobilidade, polo que se fomentará a interconexión entre as súas dotacións e o resto da cidade, ofrecendo distintas opcións e accesos con outros modos alternativos ao automóbil privado. Neste senso, reservaranse os espazos necesarios para a integración de puntos de intermodalidade e, en todo caso, para a integración das liñas de transporte público no ámbito.

Para o caso das AOD integradas nas actuacións estratéxicas PERI CALVARIO e ESTACIÓN INTERMODAL:

- Os dous ámbitos presentan puntos estratéxicos na mobilidade do concello, a estación de Cárcere e a proposta intermodal da actual estación de ferrocarril, respectivamente, as cales, como focos atractores, xeradores e xestores de desprazamentos, deberán estar interconectadas cos eixes vertebrais de comunicación do municipio e a súa área de influencia, integrando as infraestruturas necesarias para os sistemas modais alternativos ao automóbil privado.
- Contemplanse as medidas necesarias para minimizar os efectos negativos dos problemas de tráfico da avenida de Madrid derivados dos seus usos industriais.

Para o caso das AOD integradas na actuación estratéxica BORDE LITORAL DE TEIS:

- A centralidade dotacional proposta para o ámbito, especialmente de tipo comercial e educativo, leva a súa consideración como foco atractor e xerador de mobilidade, polo que se fomentará a interconexión entre as súas dotacións e o resto da cidade, ofrecendo distintas opcións e accesos con outros modos alternativos ao automóbil



privado. Neste senso, reservaranse os espazos necesarios para a integración de puntos de intermodalidade e, en todo caso, para a integración das liñas de transporte público no ámbito.

- Contemplanse as medidas necesarias para minimizar os efectos negativos dos problemas de tráfico da rúa Sanjurjo Badía.

Para o caso da actuación unitaria PRAZA DE ESPAÑA:

- A situación estratéxica do ámbito no sistema de mobilidade o converte en protagonista da xestión dos principais desprazamentos principais na cidade, polo que a súa articulación cos eixes vertebrais de comunicación do municipio e a súa área de influencia será prioritaria, integrando as infraestruturas necesarias para os sistemas modais alternativos ao automóbil privado. Neste senso, reservaranse os espazos necesarios para a integración de puntos de intermodalidade e, en todo caso, para a integración das liñas de transporte público no ámbito.

Ciclo hídrico

Para o caso das AOD integradas nas actuacións estratéxicas GRAN VÍA-LAGARES e PERI CALVARIO:

- Contemplanse medidas encamiñadas a conservar, restaurar e manter as canles do termo municipal do xeito máis natural posible, evitando na medida do posible calquera tipo de canalización ou regularización do trazado, e minimizando os posibles efectos das fases de construción e funcionamento sobre os seus sistemas fluviais.
- Realizarase o cálculo das liñas de máxima avenida extraordinaria en período de retorno de cincocentos anos, considerando a modificación de caudais producida polo máximo desenvolvemento do PXOM, as seccións representativas das canles e os elementos singulares que afecten á capacidade de transporte.
- Nas áreas nas que exista risco de asolagamento, identificadas co antedito cálculo, deberán tomarse medidas preventivas tales como obras de paso, estabilización e revexetación de noiros, etc., tratando de evitar posibles danos no medio natural e urbano.



Solo

Para o caso das AOD integradas na actuación estratéxica PERI CALVARIO:

- Diseñaranse medidas que permitan compatibilizar os usos industriais existentes co maioritario uso residencial proposto. Entre estas medidas cabería contemplar a instauración de pantallas verdes.

Para o caso das AOD integradas na actuación estratéxica COIA-BEIRAMAR:

- Previamente ao inicio dos labores de urbanización, deberanse contemplar as medidas necesarias para eliminar a posible contaminación do solo suxeito aos actuais usos industriais, si tal fora o caso.

CONDICIONANTES ESTRATÉXICOS ESPECÍFICOS PARA AS ACTUACIÓNS DO GRUPO 2

Os condicionantes estratéxicos específicos para o grupo 2 que figuran a continuación sumaranse aos establecidos na anterior base común.

Paisaxe, natureza e patrimonio cultural

- O proxecto de urbanización contemplará medidas que compatibilicen o uso e disfrute dos espazos libres asociados a elementos e espazos con valores naturais e ecolóxicos coa conservación de ditos valores e a súa continuidade física e funcional.

Ciclo hídrico

- Contemplanse medidas encamiñadas a conservar, restaurar e manter as canles do termo municipal do xeito máis natural posible, evitando na medida do posible calquera tipo de canalización ou regularización do trazado, e minimizando os posibles efectos das fases de construción e funcionamento sobre os seus sistemas fluviais.
- Realizarase o cálculo das liñas de máxima avenida extraordinaria en período de retorno de cincocentos anos, considerando a modificación de caudais producida polo



máximo desenvolvemento do PXOM, as seccións representativas das canles e os elementos singulares que afecten á capacidade de transporte.

- Nas áreas nas que exista risco de asolagamento, identificadas co antedito cálculo, deberán tomarse medidas preventivas tales como obras de paso, estabilización e revexetación de noiros, etc., tratando de evitar posibles danos no medio natural e urbano.

Solo

Para o caso da AOD da actuación unitaria CEMITERIO:

- Diseñaranse medidas que permitan compatibilizar os usos industriais existentes e propostos co uso residencial do entorno. Entre estas medidas cabería contemplar a instauración de pantallas verdes.

CONDICIONANTES ESTRATÉXICOS PARA AS ACTUACIÓNS DO GRUPO 3

Os condicionantes estratéxicos para as AOD do grupo 3 correspóndense cos recollidos na base común de condicionantes para os tres grupos.